Firmado por PRADA QUEIPO ROSA ANA - 10869361K
Fecha: 31/03/2017 12:03:16 CEST

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA REPARACIÓN DE SOLADOS, ACCESIBILIDADE E PECHES DO COMPLEXO DE PISCINAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN MILLADOIRO E OUTRAS. PAS 2015.-**

En Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2017 foron clasificadas as ofertas presentadas no expediente de licitación de "Reparación de solados, accesibilidade e peches do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras". PAS 2015.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o expediente de licitación.

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 93/2017)

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- A **exclusión do procedemento de licitación** de Reparación de solados, accesibilidade e peches do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras á licitadora **COVIASTEC SL e SERGONSA SERVICIOS SL** por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreu coa súa proposta económica.

Segundo.- Adxudicar a realización da obra de "Reparación de solados, accesibilidade e peches do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras" á empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA,** con CIF A-15352735, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cento tres mil cincocentos cincuenta euros e tres céntimos (103.550,03.- Euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de vinte e un mil setecentos corenta e cinco euros e cincuenta e un céntimos (21.745,51.- €).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 25 días laborais, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra reparación de solados, accesibilidade e peches do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras ó arquitecto Paulino Sánchez Chao.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 30 de marzo de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

C.I.F.: P – 1500200 – I

Firmado por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B
Fecha: 31/03/2017 17:59:21 CEST